



A "SALVE MARINERA"

Por: Pablo Pérez Fernández
Vigairo (Rt) da Armada

A "*Salve Marinera*" é unha canción tradicional da Armada e de todas as xentes do mar. Por iso é tan frecuente interpretala ou escoitala. Trátase dunha peza musical de singular beleza e de fondo contido poético. Chea de emocións e sentimentos entrañables, evocadora de lembranzas e vivencias, ergue misteriosamente os espíritos e os corazóns non só das xentes do mar senón tamén das de terra adento.

SALVE MARINERA

Salve, Estrella de los Mares,
de los mares,
Iris de eterna ventura.
Salve. ¡Oh Fénix de hermosura!
Madre del Divino Amor.
De tu pueblo a los pesares
Tu clemencia de consuelo.
Fervoroso llegue al cielo
y hasta Ti, y hasta Ti nuestro clamor.
Salve. Salve. Estrella de los Mares.
Sí: fervoroso llegue al cielo
y hasta Ti, y hasta Ti nuestro clamor.
Salve. Salve. Estrella de los Mares.
Estrella de los Mares.
Salve. Salve. Salve. Salve

Igual que acontece con moitas pezas de música militar, a "*Salve Marinera*" provén directamente da Zarzuela. Neste caso procede da Zarzuela "*El Molinero de Subiza*", da que é autor Cristobal Ourid. Nado en Badajoz o ano 1825, foi un pianista e un compositor de grande sona e renome que


chegou a ser Director da Orquestra do Teatro Real de Madrid. Este compositor abordou a temática militar en diversas pezas líricas. Entre elas, que podemos citar "*El hijo del Regimiento*" e esa fantasía militar coñecida por todos que leva como título orixinal "*Los sitios de Zaragoza*".

"*El Molinero de Subiza*" foi estreada no Teatro da Zarzuela en Madrid o 21 do mes de Nadal do ano 1870 cunha acollida verdadeiramente clamorosa. Nela destacaron dun xeito sobranceiro dúas pasaxes de música relixiosa de grande impacto escénico e musical: un maxestoso "*Te Deum*" e un fragmento musical que corresponde á escena XIV do acto primeiro, que sería a orixe da devandita "*Salve Marinera*". O Libreto, escrito en sonoros, suntuosos e magníficos versos, é de Luís Parada Eguidaz. E os feitos referidos sitúanse no castelo navarro de Subiza no ano 1124, durante a Revolución dos Nobres contra Ramiro I.

Pouco tempo despois da súa estrea, o ano 1872 esta zarzuela foi representada no Ferrol. Alí foi presenciada por unha promoción de Aspirantes Alumnos da Fragata "*Asturias*" que por aquelas datas era Escola Naval Flotante. Estes Aspirantes,

impresionados pola música daquela escena, comezaron a utilizala a bordo como remate das Misas. Foi, a partir dese feito, cando con algunhas modificacións espallouse e popularizou polos demais Buques e Dependencias da Armada.

A adaptación actual, tal como se interpreta hoxe, é do ano 1942, data na que foi declarada regulamentaria. A adaptación musical debeuse, segundo uns, ao Músico Maior da Armada D.



Camilo Péres Monllor e, segundo outros, sería obra do Director da Banda de Música da Escola Naval, D. Jesús Montalbán Vizcón. Persoalmente, coido que ámbolos dous por canles converxentes puxeron o seu gran de area no arranxo definitivo.

Polo que atinxe á letra actual da "*Salve Marinera*", compre dicir que é unha adaptación poética feita posteriormente polo musicólogo Mariano Méndez Vigo. Nado en Madrid o ano 1912, estivo embarcado no Cruceiro "*Canarias*". Despois percorreu Europa e América como crítico de festivais de sona e foi redactor de Radio Nacional de España. Finou en Barcelona o ano 1982.



No mar ou en terra, na alborada ou no solpor, a "*Salve Marinera*" é sempre unha afervorada cantiga de esperanza e acougo nos brazos amorosos da que as xentes do mar chamamos "*Estrela dos Mares*" e "*Nai do divino Amor*". O seu encantamento é tan sedutor que fai agromar no peito dos que a cantan e dos que a escoitan, fondos sentimentos íntimos e susurrantes, muda testemuña de lembranzas, vivencias e soños, alén da terra e do mar.